

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

Os **verbos** son palabras que expresan accións.

Cada verbo ten distintas formas verbais. O conxunto das formas dun verbo chámase **conxugación**.

O **infinitivo** é a forma que utilizamos para nomear o verbo.

**1** Arrodea os verbos e cópialos no seu lugar. Que fai cada aparello?**A cociña en marcha**

Que actividade na cociña pola mañá! A torradora torra pan, o espremedor espreme laranxas e o batedor bate amorodos con leite. Mmm, que almorzo máis rico! Entrementres, o cociñeiro asa a carne para o xantar. Canto movemento!



\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**2** Copia as formas verbais anteriores e pon o infinitivo ao lado.

- \_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_ • \_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_ • \_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_

**3** Completa cada oración coa forma verbal axeitada.

- Mañá, se non chove, todos (*xogar*) \_\_\_\_\_ no parque da música.
- De nova, miña nai (*traballar*) \_\_\_\_\_ nunha tenda de roupa.
- Sabes que o avó (*estudar*) \_\_\_\_\_ inglés desde hai dous meses?
- Esta empresa (*fabricar*) \_\_\_\_\_ o primeiro coche hai noventa anos.